



**ANUNCIO DA LISTAXE DEFINITIVA DA PUNTUACIÓN FINAL (PROBA ESCRITA E VALORACIÓN DE MÉRITOS) DOS ASPIRANTES DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICION NO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DE SOCIEDADE DE VIVENDA PUBLICA DE GALICIA, S.A. (VIPUGAL) DA CATEGORIA DE ARQUITECTO**

A Comisión de Selección do proceso selectivo arriba indicado, na súa sesión de 18 de maio de 2026, unha vez transcorrido o prazo de 3 días hábiles para presentar alegacións dende a publicación da puntuación final provisional, e tras resolver as alegacións presentadas, **acordou aprobar a puntuación final definitiva**, de acordo co previsto nas Bases da convocatoria, **conforme consta no cadro do ANEXO**, e **propoñer como candidatos seleccionados para o posto aos que se indican a continuación, por ser os aspirantes con maior puntuación**,

- 1.- Ortiz de Cosca Cao, Ana M<sup>a</sup>
- 2.- Rivas Rico, Iván
- 3.- Vázquez Martín, José Antonio
- 4.- García Mallo, Mónica

Respecto das alegacións presentadas por D. Santiago Ramos Rodríguez, a Comisión adoptou, en síntese, os seguintes acordos:

- Vistas as alegacións presentadas polo interesado, a Comisión de Selección acordou inadmitir as mesmas, dado que o alegante ven a reproducir, en esencia, as alegacións xa formuladas no anterior trámite de reclamacións, e que xa foron resoltas por esta Comisión mediante acordo publicado, en extracto, na web de VIPUGAL en data 07.05.2026, e notificado na mesma data ao alegante, de xeito extenso. As alegacións agora presentadas non se refiren a erros materiais formais ou substantivos do acordo publicado en data 11.05.2026, que sería o propio das alegacións obxecto deste trámite, senón que se impugnan cuestións xa resoltas pola Comisión no trámite anterior, e que non procede volver a considerar neste.



Á vista de que o único aspirante ao posto obxecto do presente proceso selectivo pola cota de reserva de persoas con discapacidade non superou a primeira fase do proceso selectivo, a praza reservada para esta cota acrecentará o listado de prazas do posto da quenda libre, que queda, así, con catro prazas, conforme ao previsto nas bases da convocatoria.

Asemade, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, a Comisión de Selección dará traslado ao Consello de Administración de VIPUGAL do presente acordo e da proposta de nomeamento de candidatos, aos efectos, se procedera, da resolución do proceso de contratación.

A Comisión acorda a publicación deste acordo e do Anexo antes citado, na páxina Web de VIPUGAL.

Igualmente, o acordo do Consello de Administración de VIPUGAL de resolución do proceso selectivo e nomeamento das persoas seleccionadas publicarase na páxina web de VIPUGAL.

Unha vez nomeados polo Consello de Administración de VIPUGAL os aspirantes seleccionados, deberán subscribir o contrato dentro de UN MES dende a publicación da relación de aspirantes aprobados, sendo inmediata a súa incorporación ao persoal laboral fixo da sociedade.

No caso de renuncia dalgún dos candidatos propostos, ou non presentación da documentación prevista nas bases, ou non comparecencia á firma do contrato no prazo previsto, ou noutros casos que producen os mesmos efectos, seguirase a orde da lista de aspirantes ata finalizar a mesma.

Documento firmado electrónicamente na data que figura na firma dixital.

VºBº

O Presidente  
Asdo.: Ángel Rodríguez González

A Secretaria  
Asdo.: María Román Alonso

## LISTA DEFINITIVA DE PUNTUACION FINAL (MERITOS+PROBA ESCRITA)

Ref. do posto: 03-TD-(02-03-04) ARQUITECTO/A DA OFICINA TECNICA

	APELIDOS E NOME	DNI	ESCRITA 100%	PROBA ESCRITA 60%PUNTUACION FINAL	MERITOS 100%	MERITOS 40% PUNTUACION FINAL	PUNTUACION FINAL
1	ORTIZ DE COSCA CAO, ANA M <sup>a</sup>	*****31N	85,50	51,30	76,17	30,47	<b>81,77</b>
2	RIVAS RICO, IVAN	*****08T	77,75	46,65	59,15	23,66	<b>70,31</b>
3	VAZQUEZ MARTIN, JOSE ANTONIO	*****28K	69,00	41,40	55,35	22,14	<b>63,54</b>
4	GARCIA MALLO, MONICA	*****63V	82,25	49,35	25,89	10,36	<b>59,71</b>
5	RAMOS RODRIGUEZ, SANTIAGO	*****76C	67,75	40,65	45,05	18,02	<b>58,67</b>
6	MOSQUERA AMADO, MANUELA	*****19J	78,25	46,95	9,14	3,66	<b>50,61</b>
7	PATÍÑO LOPEZ, NOELIA M <sup>a</sup>	*****95B	64,00	38,40	28,60	11,44	<b>49,84</b>
8	QUEIRO ARIAS, ALVARO	*****14C	69,25	41,55	19,46	7,78	<b>49,33</b>
9	ALVAREZ FONTENLA, BEATRIZ	*****92A	65,00	39,00	23,48	9,39	<b>48,39</b>
10	RIVEIRA FOMPEDRIÑA, TANIA	*****97T	64,25	38,55	14,31	5,72	<b>44,27</b>
11	VILLAVARDE PENA, ZARA M <sup>a</sup>	*****72Q	69,50	41,70	2,94	1,18	<b>42,88</b>
12	BARREIRO CRUZ, MARTIN	*****42H	60,25	36,15	7,01	2,80	<b>38,95</b>